



ILMO.
CONCELLO DE
CAMBADOS

SOTERRAMENTO LIÑA B.T. NA RÚA REAL

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Expte. Deputación: PC2016015233

Expte. Municipal: 3766/2017

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- AVOCACIÓN COMPETENCIAS

Por Providencia da Alcaldía de data 09/03/2018, notificada e recepcionada en data 13/03/2018, requiriuse á empresa “**COTO DE UZ, PROYECTOS Y OBRAS**” con CIF B94158862, para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do contrato das obras de “**SOTERRAMENTO DE LIÑA B.T. NA RÚA REAL**” e, presentada a mesma en data 26/03/2018, procede que por esta Alcaldía se avoguen competencias para que, no prazo dos **5 días hábiles seguintes** á recepción da documentación, se adxudique motivadamente a citada obra.

Visto o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece que nos supostos de delegación de competencias en órganos non xerarquicamente dependentes, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante, ou sexa pola Alcaldía, toda avocación realizarase mediante acordo motivado (O artigo 116 do ROF establece que o órgano delegante poderá avocar en calquera intre a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común).

Polo exposto, esta Alcaldía en virtude do establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e das competencias que lle atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, teño a ben

RESOLVER:

PRIMEIRO.-Avogala competencia delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución desta Alcaldía de data 29/06/2015 para adxudicar o contrato das obras de “**SOTERRAMENTO DE LIÑA B.T. NA RÚA REAL**” e comprometer o correspondente gasto.

SEGUNDO.- Á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación, en sesión do 8/03/2018, en relación co expediente das obras de “**SOTERRAMENTO DE LIÑA B.T. NA RÚA REAL**”, adxudica-lo contrato á empresa “**COTO DE UZ, PROYECTOS Y OBRAS**”, con CIF B94158862, por importe de sesenta e catro mil novecientos sesenta e sete euros (64.967,00 €) e trece mil seiscientos corenta e tres euros con sete céntimos (13.643,07 €) de IVE, **totalizando un importe de setenta e oito mil seiscientos dez euros con sete céntimos (78.610,07 €)**, cunha baixa de **32.303,03 €** sobre o prezo de licitación.

Detectado un erro involuntario no texto da Providencia da Alcaldía (requirimento de documentación), en relación co importe da baixa, de conformidade co establecido co artigo 109.2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, rectifícase no sentido de que ,onde dicía “cunha baixa de 32.313,03”, debe dicir “32.303,03”.

TERCEIRO.- Acordar a disposición do gasto **por importe de 78.610,07 €** (64.967,00 € e 13.643,07 € de IVE) con cargo á aplicación orzamentaria **459.609.00** do Orzamento Municipal.

Expte. Deputación: PC2016015233
Expte. Municipal: 3766/2017

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución ó adxudicatario e ós restantes licitadores, ós efectos do establecido no Art. 151.4 da TRLCSP.

QUINTO.- Insertar anuncio de adxudicación no Perfil do Contratante, en cumprimento do disposto polo Art. 53 do TRLCSP e polo artigo 8.1. a) da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes á presente disposición e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Documento asinado electronicamente.